


Actividade na que o usuario ha de clasificar unha serie de textos - imaxes - sons atendendo a certos criterios:



Na pestana "Actividade" atopamos:




### ZONA 1

Facemos dobre clic na táboa e aparece unha ventá emerxente para introducir os datos dos criterios de clasificación. Na actividade aparecerán como uns recadros nos que o usuario terá que pulsar para asociar cada un dos ítemes a clasificar (ver imaxe en páxina anterior). Podemos acumular ata un


máximo de 6 criterios:

Aquí podemos introducir os elementos que aparecerán nos recadros: textos (1), imaxes (2), sons (3) ou mesmo as tres cousas xuntas ou calquera a súa combinación. Apuntar que se se introducen sons, estes se reproducirán cada vez que o usuario sitúe o punteiro do rato enriba do recadro correspondente sen necesidade de facer clic sobre este e logo volverán reproducirse de novo cando se faga clic sobre o recadro e o usuario responda correctamente. En caso de introducir imaxes con textos, existe a opción de aplicar certa transparencia aos textos para que non tapen por completo a parte de imaxe baixo estes, como veremos máis adiante.



**ZONA 2**

Facendo dobre clic nesta táboa aparecerá unha nova ventá emerxente onde iremos introducindo os ítemes que queiramos clasificar:



Como no caso anterior, tamén podemos introducir textos (1), imaxes (2), sons (3) ou mesmo as


tres cousas xuntas ou calquera a súa combinación. Apuntar que se se introducen sons non aparecerá o pequeno altofalante para reproducilos, senón que estes se reproducirán cada vez que o ítem apareza en pantalla, podendo volver escoitarse o son se se fai clic enriba deste.

Unha vez introducidos os datos que queiramos, asociarémolos a un dos criterios que xa introducimos na táboa da zona 1 despregando a lista (6). En canto ao campo "Mensaxe de erro" (4) poderíamos escribir unha mensaxe que aparecerá en pantalla cando o usuario elixa unha das opcións erróneas. Esta opción permite a presentación de mensaxes personalizadas para cada unha dos ítems que compoñan a actividade, e en caso de escribilos neste campo, terían preferencia e anularían a posible mensaxe de erro que puidésemos escribir no campo da pestana "2-Opcións de execución".

Finalmente e cando xa tivésemos todo listo sempre poderíamos introducir máis ítems para clasificar ou editar outros existentes sen máis que usar os botóns de frecha verde (5) nas esquinas superiores esquerda e dereita.

### ZONA 3


No recadro "Criterio de clasificación" estableceremos as características de recadros e elementos da parte inferior da área de traballo, onde se van clasificar os ítems.



Nos campos (1) indicaremos o ancho e o alto dos devanditos recadros. Se introducimos texto nestes, aquí tamén poderemos escoller o tipo (2) e o tamaño (3) da fonte que aparecerá. Na lista despregable (4) escolleremos o tipo de liña dos recadros cando o usuario sitúe o punteiro do rato enriba destes e na lista (5) o tipo de liña que terán "en repouso" se o punteiro non está enriba. No campo (6) graduaremos a transparencia do texto dos recadros; un valor de "0" neste campo faría o texto totalmente transparente e desaparecería do recadro, un valor de "10" faría o texto (e o rectángulo que o contén) totalmente opaco e en caso de que o recadro tivese tamén un gráfico, taparía a súa parte inferior. Na 1ª imaxe deste manual, a transparencia dos textos ten un valor de "6", por exemplo.

### ZONA 4

No recadro "Pregunta" estableceremos as características do recadro e elementos da parte superior da área de traballo, onde aparecen os ítemes a clasificar.



Nos campos (1) dimensionar o ancho e o alto do recadro que conterá as imaxes e/ou textos a clasificar. Máis abaixo poderemos escoller o tipo (3) e o tamaño (4) da fonte no caso de que asignásemos texto aos ítemes a clasificar. Na lista despregable (4) indicaremos o tipo de bordo do recadro. Cos botóns (5) faremos que o recadro se presente sen sombra, con sombra interior nas partes superior e esquerda ou con sombra exterior nos lados dereito e inferior respectivamente.

## ZONA 5

No campo "Ancho" (1) estableceremos o ancho do recadro da área de traballo da actividade; útil dependendo do tamaño que deramos aos recadros dos criterios de clasificación, para que estes queden ben ordenados na área de traballo xogaremos con este ancho e o ancho dos devanditos recadros. Cos botóns (2) faremos que todos os recadros da actividade teñan ou non os bordos redondeados. Finalmente temos a xa coñecida casa de verificación para facer compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil (3).

